



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA Nº 3 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA «ESTRUTURA FLOTANTE NA ZONA DO PARROTE DO PORTO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NÁUTICO DEPORTIVAS»

1. Antecedentes

O 21 de abril de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, representada pola Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda e a Axencia Galega de Infraestruturas, e a Autoridade Portuaria da Coruña para a redacción do proxecto e execución da obra "Estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades náutico deportivas".

O 28 de novembro de 2023 asinase unha primeira addenda onde se leva a cabo un axuste das anualidades inicialmente previstas.

Con data 2 de outubro de 2024 asinouse a segunda addenda na que se modificou o título do propio convenio e varias das súas cláusulas.

Con data 26 de xuño de 2025 reuniuse a comisión de seguimento para informar do estado das obra e propoñer a modificación de parte do contido das cláusulas sétima e oitava do convenio.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

Do importe da adxudicación do contrato de obras, 2.505.305,00 €, e do contrato de asistencia técnica, 130.230,84 € resulta a contía de 2.635.533,84. A obriga máxima asumida pola Axencia Galega de Infraestruturas é de 2.896.765,41 € IVE incluído.

Coa certificación final de obras, 10% sobre o importe da adxudicación, resultaría unha contía de 250.530,50 €. Dado que o importe total é inferior as obrigas económicas asumidas pola axencia esta pode asumir a totalidade das liquidacións.

Aproveitase este cambio para darlle unha nova redacción ao apartado terceiro da cláusula oitava relativa á comisión de seguimento para que a periodicidade das súas reunións veña determinada pola necesidade.



Polas razóns expostas, propónse modificar os apartados terceiro das cláusulas sétima, réxime de financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a execución da estrutura flotante na zona do Parrote, para que o importe total das liquidacións dos gastos adicionais sexa asumido pola axencia e da cláusula oitava referente ás periodicidade das reunións da comisión de seguimento.

Todas as partes desexan que o obxecto do convenio, a construción dunha estrutura flotante na zona do Parrote para actividades náutico deportivas, se realice polo que é necesario modificar as cláusulas sétima e oitava e adaptalas á proposta da comisión de seguimento.

3.- Impacto económico

Dado que as obras están moi avanzada e os contratos xa foron adxudicados a achega máxima a que se comprometeu a Axencia Galega de Infraestruturas de conformidade coa cláusula quinta do convenio , **2.896.765,41 €** IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 11.A1.621A.632.1. código de proxecto 2022 – 00002 distribuída en dúas anualidades non se modifica.

Polo tanto esta nova addenda non incrementa as obrigas económicas xa asumidas pola axencia.

4.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

